



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE FEBREIRO DE 2013

LICENZAS

EDIFICACIÓN

LIC/1037/2012.- MARIA ANGELES ROMAR GERPE.- Construción de vivenda unifamiliar pegada na rúa do Campo de Santa Marta.

PARCELACIÓNS

LIC/2000/2012.- CASTOR PEREIRA IGLESIAS.- Conceder licenza de parcelación. (+)

LIC/67/2013.- PILAR CASTRO DOPAZO.- Conceder licenza de parcelación (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/76/2013.- JUAN MANUEL GOMEZ SUAREZ.....LIC/1011/2004 2.300 €

LIC/77/2013.- NASOZENA, SL.....LIC/1084/2007 60.000 €

4 a 23.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehiculos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Concédense os beneficios fiscais solicitados.

24.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

Rexéitase o devandito recurso. A XGL do 20 de setembro de 2012 desestimara a solicitude de bonificación no imposto sobre aumento de valor dos terreos de natureza urbana por ser presentada fóra de prazo. Unha vez falecido o titular e obrigado tributario, a comunidade hereditaria está obrigada ao cumprimento da obriga tributaria que é presentar a autoliquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

25.- Recurso especial en materia de contratación interposto pola UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU-TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU.

Acórdase aplicar a medida cautelar solicitada de suspensión do procedemento de licitación deste servizo co fin de solicitar os informes oportunos para solicitar a resolución do recurso, seguindo os consellos da Asesoría Xurídica.

26.- PERMUTA DAS CASETAS NC61-62 titularidade do Concello coas CASETAS NC51-52 titularidade do Mercado de Abastos.

Apróbase a proposta.

27.- Traspaso das casetas NC61-NC62 do Mercado de Abastos de Santiago, a favor de MARÍA SUÁREZ MÉNDEZ.

Apróbase a proposta.

28.- Traspaso das casetas NC242-NC243 titularidade do Mercado de Abastos de Santiago S. Coop. G. a favor de JOSE MANUEL PRIETO GARCÍA.

Apróbase a proposta.

29.- Traspaso da caseta NC211 da que é titular D^a MARÍA MANUELA CAMINO LÓPEZ a favor de MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ ROZAS.

Apróbase a proposta.

30.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso do Estadio Municipal de San Lázaro e o campo de adestramento de San Lázaro II para a celebración do partido Internacional de Rugby entre as seleccións de España e Portugal. Autorízase á Federación Galega de Rugby o uso do Estadio Municipal de San Lázaro e do campo de adestramento San Lázaro II para poder organizar tanto os adestramentos como o propio partido oficial entre as seleccións de España e Portugal. Este uso autorízase para os días 11 a 17 de marzo. Ademais, autorízase o cobro de entrada, colocación de elementos publicitarios e dun servizo de bar.

31.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización de uso de instalacións do CEIP Apóstolo Santiago pola Asociación de Nais e Pais para a realización dun "Campamento nas vacacións de Entroido".

Autorízase o uso das instalacións do CEIP Apóstolo Santiago pola Asociación de Nais e Pais do centro para a realización dun campamento nas vacacións de Entroido. Será para os días do 11 ao 13 de febreiro en horario de 7:45 a 16:00 horas.

32.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta da sinatura do convenio entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia e o Concello de Santiago.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

33.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña para o desenvolvemento da formación en centros de traballo.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

URXENCIAS

- Acéptase a cesión para a realización de obras nas beirarrúas da rúa das Mulas.
- Apróbanse os premios en metálico contemplados no programa do Antroido 2013.
- Adxudícase o servizo de mantemento de diversas aplicacións informáticas á empresa T-Systems, por importe de 35.550 euros
- Apróbase o expediente de xestión e normas de uso dos locais municipais de música.
- Apróbase o expediente de xestión de diversos expedientes por infraccións en materia urbanística, por importe de 28.924 euros.
- Apróbase o expediente do servizo de vixilancia na UMAD por importe de 35.891 euros.
- Subscríbese o contrato de prestación do servizo de transporte urbano de viaxeiros ao Polígono do Tambre.
- Solicítase unha subvención á Deputación do Congreso para programas contra a violencia de xénero e xornadas formativas complementarias.